

BASES PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA FERROL ESCENA 2017

Primeira. O Concello de Ferrol, a través da concellería de Cultura, convoca o programa FERROL ESCENA co obxecto de contribuir á difusión e promoción do teatro, música, folclore, danza e demais manifestacións artísticas a nivel afeccionado e o seu achegamento ás asociacións veciñais deste Concello.

Segunda. A participación neste programa está aberta a todos os grupos de artes escénicas afeccionados e ás asociacións veciñais que consten inscritos (ambos) no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Ferrol.

Terceira. Procedemento.

a) 1ª Fase

Os grupos que opten á participación deberán achegar o anexo I, a modo de solicitude e acompañalo da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF da entidade.
- b) Fotocopia do documento de exención do IVE ou certificado de que os seus estatutos cumpren o disposto na Lei Orgánica 1/2002.
- c) Autorización da SGAE, para o caso de que a obra ou peza non sexa orixinal do grupo (salvo acreditación de exención).
- d) Ficha técnica e artística, incluída duración.
- e) Sinopse da obra (*no caso dos grupos de teatro*).
- f) Historial do grupo.
- g) Nome, apelidos e enderezo electrónico da persoa responsable do grupo.
- h) Designación da conta bancaria do grupo ao que se fará o pagamento no modelo que se achega neste enlace:
<https://www.ferrol.es/archivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>

A documentación que se presente deberá ser **orixinal ou copia compulsada**.

A información e documentación requiridas deberá presentarse, no rexistro xeral do Concello de Ferrol, no prazo máximo de 20 días naturais contados dende a publicación da convocatoria na páxina web do Concello.

Non haberá limitacións ao número de grupos e propostas.

b) 2ª Fase

Unha vez elaborado o catálogo de grupos inscritos as asociacións veciñais deberán achegar os anexos II e III a modo de solicitude nun prazo de 15 días naturais contados dende a publicación do dito catálogo na páxina web do Concello.

Cuarta. As actuacións terán lugar **unicamente os fins de semana do ano 2017** nos espazos propostos polas asociacións veciñais que así o soliciten, sempre e cando sexan espazos pechados e teñan as instalacións axeitadas para poder desenvolver as ditas actividades.

Quinta. Condicións.

- a) As actuacións serán públicas e de balde.
- b) As asociacións veciñais poderán solicitar ata seis actuacións (e dúas de reserva). **Tres destas actuacións realizaranse no período comprendido entre os meses de febreiro e xullo de 2017 e as outras tres realizaranse no período comprendido entre o mes de agosto e o 11 de decembro de 2017.** As asociacións de veciños que se acollan terán que darlle toda a publicidade posible ás actividades que se vaian a realizar e terán que contar cun seguro de responsabilidade que cubra cada unha das actividades.
- c) O Concello contratará as actuacións dos grupos non profesionais concedidas ás

asociacións veciñais. Correrá por conta dos grupos o permiso da SGAE (no caso de non estar exentos). O custo de cada actuación non poderá superar os 300 € (impostos engadidos). O concello aboará a correspondente factura previo cumprimento dos seguintes requisitos:

- A factura será emitida polo grupo que actúe a nome do Concello de Ferrol (NIF P1503700E) facendo constar que pertence ao programa FERROL A ESCENA e presentarse no rexistro xeral municipal con data máxima o **12 de decembro de 2017**

(sen prexuízo de que as facturas poidan ir presentándose ao longo do ano, segundo teñan lugar as actuacións). A presentación das facturas fóra de prazo conlevará a perda do dereito ao seu pagamento.

- Achegarse tamén unha certificación asinada pola secretaría da asociación veciñal co visto e prace da presidencia, acreditativa da realización da actuación.

d) Obrigas dos grupos:

- Carga e descarga do material, e montaxe e desmontaxe da obra ao finalizar a representación. Cada grupo contará cos seus propios medios persoais e técnicos.
- Será por conta do grupo os gastos de transporte e seguros de equipos, de actuación e de material, e gastos de persoal.
- Deberán achegar todo o equipo necesario para poder levar a cabo a actuación.
- O abono, no seu caso da Seguridade Social así como da SGAE.
- Presentarse na data, hora e sede que se lle atribúa.

e) Obrigas das entidades veciñais:

- Facilitar aos grupos o desenvolvemento da actividade, dispoñendo de persoal para proporcionar, coa antelación suficiente, o acceso ao recinto para que se poida realizar a actividade.
- Organizar as actuacións velando polo seu correcto desenvolvemento, achegando o persoal de vixilancia que se precise.
- Programar como máximo unha actuación por cada fin semana. Quedan exceptuadas desta obriga **as asociacións veciñais que non dispoñen de local, sempre que a realización das actividades lles supoña gasto económico relativo ao aluguer de local, carpa, escenario, etc. e este feito resulte acreditado no expediente.**
- Distribuír os carteis anunciadores, nos que debe constar o logo do Concello de Ferrol.
- Expedir as certificacións acreditativas da realización das actuacións.
- Someterse aos actos de comprobación e control do Concello.

Sexta- Os grupos participantes, seleccionados ou non, e as asociacións veciñais que soliciten actuacións aceptan as bases desta convocatoria, sen reserva algunha.

Sétima.- O Concello (organizador) resérvase o dereito de modificación das datas e a sede de actuación no caso de circunstancias imprevistas.

Oitava. Calquera grupo seleccionado que non se presente na data, hora e sede que se lle atribúa sen estar debidamente xustificada a ausencia será automaticamente excluído na seguinte edición.

Ferrol, 26 de xaneiro de 2017

O Concelleiro delegado de Cultura, Ensino e Universidade

Jesús Basterrechea López

FERROL ESCENA 2017 INSCRIPCIÓN DE GRUPOS

Don/ Dona _____
con DNI nº _____ e enderezo en _____
no Concello de _____ nº de teléfono _____ enderezo electrónico
_____ en representación do grupo / asociación /
agrupación artística _____ con CIF _____ e enderezo para os
efectos de notificación _____ teléfono _____
e enderezo electrónico _____

SOLICITO

Ser incluído/a no catálogo de grupos de artes escénicas afeccionados para o programa Ferrol Escena 2016 na categoría e subcategoría de:

MÚSICA

- | | | |
|--|-----------------------------------|--------------------------------|
| <input type="radio"/> Bandas de música | <input type="radio"/> Folk | <input type="radio"/> Blues |
| <input type="radio"/> Bandas de gaitas | <input type="radio"/> Rock | <input type="radio"/> Soul |
| <input type="radio"/> Masas corais | <input type="radio"/> Pop | <input type="radio"/> Tunas |
| <input type="radio"/> Música clásica | <input type="radio"/> Lixeira | <input type="radio"/> Charanga |
| <input type="radio"/> Rondallas | <input type="radio"/> Electrónica | <input type="radio"/> Solistas |
| <input type="radio"/> Orquestras | <input type="radio"/> Tecno | <input type="radio"/> Outros |
| <input type="radio"/> Cantareiras | <input type="radio"/> Jazz | |

DANZA

- | | |
|--|-------------------------------------|
| <input type="radio"/> Danza tradicional galega | <input type="radio"/> Danza clásica |
| <input type="radio"/> Danza contemporánea | <input type="radio"/> Outros |

TEATRO

- | | | |
|-------------------------------|---|------------------------------|
| <input type="radio"/> Clásico | <input type="radio"/> Títeres | <input type="radio"/> Outros |
| <input type="radio"/> Moderno | <input type="radio"/> Maxia e ilusionismo | |

ACHEGO a documentación solicitada na base terceira.

Coma representante do grupo _____
acepto as bases da convocatoria.

Ferrol, _____ de _____ de 2017

(sinatura)



SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO II

FERROL ESCENA 2017
INSCRIPCIÓN AA.VV.

Don/Dona _____
con DNI nº _____ e enderezo en _____
no Concello de _____ nº de teléfono _____ enderezo electrónico
_____ en representación da Asociación de Veciños de
_____ con CIF _____ e enderezo para os efectos de
notificación _____ teléfono _____ e
enderezo electrónico _____

SOLICITO:

As seguintes actuacións dentro do programa Ferrol Escena 2017:

	CATEGORÍA	GRUPO	DATA DE ACTUACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
R1			
R2			

ACHEGO:

- Ficha cumprimentada do local _____ (no caso de non ter entregado esta información con anterioridade)
 - Declaración responsable de contar cun seguro de responsabilidade que cubra cada unha das actuacións solicitadas, a presentar previamente á realización das actividades
 - Coma representante da Asociación de Veciños de _____
- acepto as bases da convocatoria.

Ferrol, _____ de _____ de 2017

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

FICHA DO ESPAZO

- Croquis do espazo, coas medidas de entradas e saídas de emerxencias (achegar)
- Aforo _____
Nº de butacas ou cadeiras _____
Fixas _____ Non fixas _____
- Espazo escénico - Escenario
Alto _____ cm. Ancho _____ cm.
Fondo _____ cm. Altura dende o chan ata o escenario _____ cm.
- Acometida eléctrica propia do espazo
- Potencia _____
Fases _____
Outros _____
- Equipamento dispoñible
Luces
 - Non
 - Sí Relación _____Son
 - Non
 - Sí Relación _____
- Trátase dun espazo compartido con outros servizos, ambigú, etc.
- Espazos complementarios _____
- Camerinos
 - Non
 - Sí
Número _____
Equipamento:
 - Espello Ducha
 - Servizo Taquillas
- Entrada de carga e descarga
 - Non
 - Sí
Alto _____ cm. Ancho _____ cm. Distancia ao escenario _____ cm.
- Sala de control ou cabina